

TAXA DO LIXO, ¿QUEN TIÑA RAZÓN?



É coñecida por un bo número de veciños e veciñas a modificación da taxa do lixo que acostumaban a pagar. Dita modificación foi recorrida por moitos deles, sendo rexeitados ditos recursos por continuas resolucións de alcaldía.

Gran parte dos recorrentes argumentaban que a distancia da súa casa ata os contedores do lixo era superior ós 100m. que establece a ordenanza e, consecuentemente, correspondíalles unha taxa reducida en vez da completa que se lles estaba a remitir.

Unha detrás doutra foron denegadas as apelacións ata que un grupo de veciños do barrio da Telleira decidiron acudir ós tribunais. Insistía o Sr. alcalde e os servizos xurídicos do Concello, en contra do que dita o sentido común, en que a distancia non debería entenderse ata os contedores senón “ata a zona de recollida”. Ninguén entende nin entendía o significado de zona de recollida, porque dito así todo o concello é zona de recollida e ninguén estaría fóra dela. Así llo fixemos saber no pleno do 30 de abril 2015 nunha comparecencia ao alcalde solicitada por AER sobre este tema.

Pois ben, xa temos a interpretación dun xuíz. Na sentenza 00190/2016 o xuíz do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo ven a dicir:

“ ... fácil es interpretar que cuando la Ordenanza se refiere a “zona de recogida” está asimilando la expresión a “punto de recogida”, pues la otra interpretación es absurda: no basta con que los vehículos utilizados por la concesionaria transiten por la “rúa ou lugar” donde el vecino tiene su domicilio. La utilidad del servicio viene dada porque ese vehículo se detenga para recoger los residuos en la “rúa ou lugar donde habita el sujeto pasivo y esa recogida se localice a menos de cien metros de su casa.

Como también puede ocurrir que un ciudadano tenga su vivienda en un “lugar”, no en una calle, por el que no transite el vehículo de recogida pero cuente con contenedores a menos de cien metros de distancia: evidentemente, estará sujeto al pago de la cuota ordinaria”

CONCLUSIÓN: OS DEMANDANTES TEÑEN DEREITO Á COTA REDUCIDA CANDO A DISTANCIA DENDE A SÚA VIVENDA ATA OS CONTEDORES SEXA SUPERIOR ÓS 100 m.

A cuestión que agora nos queda por aclarar é:

Dado que o Sr. Alcalde se acolleu unha e outra vez a esa “interpretación absurda” sobre o significado de zona de recollida e rexeitou múltiples alegacións ó respecto ¿QUE PENSA FACER AGORA?.

Queremos pensar que rectificará todas e cada unha das resolución que ditou nese sentido sen que a veciñanza teña que recorrer á xustiza ¿NON SI?

Esperaremos un tempo prudencial e volveremos a informar sobre o tema.

TOCA DEVOLVER O QUE SE COBROU DE MÁIS POLA MALA XESTIÓN DE JAVIER BAS.

Redondela, a 21 de xuño de 2016